

MATERIAIS LINGÜÍSTICOS

Souto García, María Belén

Vocabulario das artes gráficas. Obradoiro de encadernación / María Belén Souto García

Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, D.L. 2002
72 p. ; 24 cm. – (Materiais lingüísticos; 1)

D.L. C-1730-2002 – ISBN 84-8158-221-2

1. Artes gráficas - Glosarios, vocabularios, etc. políglotas
 2. Gallego (Lengua) - Glosarios, vocabularios, etc. políglotas
- I. Universidade de Vigo. Servicio de Publicacións, ed.

655(038)

Edición:

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Rectorado da Universidade de Vigo

r/ O Porto, 1

36201 Vigo

Tel. 986813574

Fax: 986813559

© María Belén Souto García

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2002

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2002

Printed in Spain - Impreso en España

I.S.B.N. 84-8158-221-2

Depósito Legal: C. 1730-2002

Deseño e maquetación: Acuarela Comunicación sll

Imprime: PLANA Artes Gráficas, S.L. - Santiago

Reservados todos los derechos. Ninguna parte de este libro puede reproducirse o transmitirse por ningún procedimiento electrónico o mecánico, incluyendo fotocopia, grabación magnética o cualquier almacenamiento de información e sistema de recuperación, sin el permiso escrito de la Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

VOCABULARIO DAS ARTES GRÁFICAS. OBRADOIRO DE ENCADERNACIÓN

María Belén Souto García



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Índice

PRESENTACIÓN	5
INTRODUCCIÓN	6
1 ÁRBORE DE CAMPO	9
2 NORMAS DE USO	12
3 VOCABULARIO	13
4 ÍNDICE ALFABÉTICO DE ESPAÑOL	56
5 ÍNDICE ALFABÉTICO DE INGLÉS	60
6 BIBLIOGRAFÍA	64
6.1. OBRAS LEXICOGRÁFICAS	64
6.2. OBRAS E RECURSOS TERMINOLÓGICOS	65
6.3. OBRAS ESPECIALIZADAS	66
6.4. OBRAS DE REFERENCIA	68

Presentación

O volume que estamos a presentar constitúe a primeira achega dunha colección de traballos lingüísticos e terminolóxicos que a Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, vai poñer á disposición da comunidade universitaria e de toda a sociedade galega para contribuír fondamente nas tarefas da elaboración da lingua galega.

Malia os importantes avances, tanto cualitativos coma cuantitativos, que se veñen producindo na lexicografía e na terminoloxía da lingua galega nos últimos vinte anos, aínda son moitos os campos do saber que precisan dun labor de concreción e de fixación terminolóxica. A existencia na Universidade de Vigo de titulacións e de áreas de coñecemento inseridas nun amplo abano de ámbitos científicos ha permitirnos deseñar liñas de actuación tendentes a cubrir todas aquelas áreas e ámbitos do saber que presenten insuficiencias ou limitacións na fixación de termos en galego.

O vocabulario que abre esta colección foi deseñado e realizado por unha investigadora que se licenciou na titulación de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo. Aproveitarmos o capital humano e investigador dos nosos licenciados e licenciadas para a produción de materiais lingüísticos desta natureza ha resultar unha tarefa fecunda para tódolos implicados.

Como a elaboración terminolóxica require a difusión e espallamento dos materiais desenvolvidos entre tódolos destinatarios interesados –na comunidade universitaria e na sociedade galega en xeral–, acordouse poñer en marcha unha liña editorial específica no seo do catálogo de edicións do Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo. Gracias á colaboración entusiasta do Servicio de Publicacións, os traballos que verán a luz nesta colección chegarán a un público amplo e diverso que poderá ir incorporando as propostas lingüísticas achegadas.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Director da Área de Normalización Lingüística
Universidade de Vigo

Introducción

O presente *Vocabulario das artes gráficas: obradoiro de encadernación* procede da tese de licenciatura en Traducción, que defendemos o 6 de febreiro de 2002 na Universidade de Vigo e foi dirixida polo Dr. Alberto Álvarez Lugrís. Este traballo foi froito da investigación que levamos a cabo durante unha estadía no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia, no que, preto de tres anos, estivemos adscritos ó proxecto de terminoloxía científico-técnica no Termigal (Servicio de Terminoloxía Galega) da Real Academia Galega, que está dirixido por Manuel González González, catedrático de Filoloxía Románica, secretario da RAG e Coordinador Científico do Centro Ramón Piñeiro en Santiago de Compostela.

O noso principal obxectivo foi ofrecer correspondencias galegas á terminoloxía da industria gráfica tendo en conta os usuarios do sector das artes gráficas; especialmente o alumnado e profesorado de Formación Profesional de Galicia, onde a familia das Artes Gráficas está en alza polo pulo que a Xunta de Galicia está a introducir nestes estudos co fin de aumenta-las posibilidades de inserción laboral da mocidade galega. Ademais pretendemos que outros colectivos como os profesionais das editoriais, imprentas e outras empresas do sector privado como axencias de tradutores e intérpretes e os profesionais da comunicación poidan obter beneficio del, xa que poñemos á súa disposición unha publicación que lles permitirá impartir e participar en clases formativas en lingua galega, edita-la literatura de textos técnicos nesta lingua e que os especialistas teñan fontes ás que recorrer para desenvolver os seus traballos e mesmo poidan utiliza-lo galego como vehículo de comunicación común nas súas relacións interprofesionais.

Existen aínda moitas carencias de terminoloxía galega no campo científico e técnico, nesta área de especialidade en concreto contabamos unicamente cunha pequena contribución de Xan Arias, *A encadernación*, que serviu de base a este vocabulario co que se pretendeu realizar un traballo terminográfico máis rigoroso partindo daquel proxecto inicial xa difundido.

O mundo das artes gráficas ten longa tradición en Galicia: o nacemento da imprenta ocorre a finais do século XV e as súas orixes sitúanse en dúas pequenas imprentas de Monterrei (Ourense). Sen embargo, a imposición do español como lingua de prestixio durante os séculos posteriores e o feito de que o oficio da imprenta non tivo tanta tradición como outros labores tradicionais asociados ó mundo rural non permitiu conservar terminoloxía autóctona en lingua galega. En consecuencia, ó non contarmos cun repertorio de fontes bibliográficas nesta lingua, que contribúsen a contrasta-las nosas escollas, tivemos poucas posibilidades de recuperar léxico patrimonial, e houbemos de recorrer á creación neolóxica, tanto de forma (os chamados *neoloxismos formais* ou unidades terminolóxicas que se crean seguindo os procedementos morfolóxicos do sistema lingüístico da lingua galega) como de significado (os chamados *neoloxismos semánticos* ou unidades preexistentes na lingua galega ás que se lles adscribe un significado distinto do orixinal) e mesmo de préstamo (*neoloxismos de préstamo* ou voces especializadas con denominacións que proveñen da adaptación da terminoloxía de linguas foráneas); con respecto a estes últimos, incidimos especialmente no estudio da terminoloxía presente xa noutras linguas románicas e recorreremos ó catalán (que ten en común co galego que foi unha lingua desfavorecida pola presión do español), ó portugués (lingua emparentada directamente co galego) e mesmo ó francés e ó italiano, menos próximas pero coas que o galego comparte trazos lingüísticos por partiren tamén da mesma lingua nai: o latín. Co fin de ofrecer voces especializadas adecuadas e productivas tratamos de adoptar solucións terminolóxicas seguindo uns criterios determinados, que son referencia obrigada para os terminólogos que traballan con linguas minorizadas, entre os que destacan: a frecuencia de uso e as posibilidades de derivación dos termos, o paralelismo con outras linguas, a motivación e univocidade, e a adecuación sociolingüística; e coidamos de aplica-lo máximo rigor contando ademais moi de cerca coa opinión dos especialistas, futuros usuarios da nova terminoloxía, a fin de cubri-los baleiros existentes.

O presente vocabulario (inicio dun diccionario terminolóxico trilingüe completo das artes gráficas) foi pasando por varias etapas na súa elaboración antes de acadala forma actual. En primeiro lugar, unha etapa documental na que recompilamos material sobre o tema das artes gráficas a través de visitas a librerías, bibliotecas, acceso a Internet e contacto con especialistas en persoa e por liña, que culminou coa elaboración dun corpus textual multilingüe; a esta etapa seguiu o deseño dunha árbore conceptual, que representa a organización visual do sistema de conceptos desta área de especialidade; a creación dunha ficha multilingüe para efectuar a extracción automática de datos terminolóxicos nunha base de datos, a extracción mesma dos datos de xeito organizado nas fichas, e unha supervisión da nomenclatura coa axuda de varios especialistas tanto do eido técnico como lingüístico, que permitiu obter como resultado final ó redor de duascenas fichas terminolóxicas que constitúen un vocabulario trilingüe da maquinaria e ferramentas do obradoiro de encadernación. As entradas principais, en galego, veñen acompañadas da categoría gramatical e unha codificación que constitúe a información conceptual que remite á árbore, ademais cada termo leva unha definición terminolóxica, sinónimos en galego, termos equivalentes e sinónimos en español e inglés e un campo encabezado por un Vexa (Vex) que permite a remisión entre termos.

Árbore conceptual

NESTA árbore recollemos cáles son as diferentes fases polas que pasa un produto das artes gráficas antes de chegar ó consumidor. Falaremos de tres fases principais, nas que se englobaría o conxunto de artes que constitúen as artes gráficas, que á súa vez están subdivididas en áreas. É neste marco global onde se encadrarían os termos especializados de cada área.

Existe unha primeira fase de **PREIMPRESIÓN**, que se entende como o conxunto de operacións que preceden á impresión: o proxecto-boceto, a composición e compaxinación, a fotomecánica (a integración de imaxes e textos, así coma o tratamento da cor), que finalizaría coa creación das pranchas ou matrices mediante as cales se vai efectuar a reprodución, nas distintas máquinas e métodos de impresión.

Unha segunda fase sería a **IMPRESIÓN** ou a acción de imprimir-lo orixinal sobre papel, tea, coiro ou outro material. Nesta fase debemos distinguir entre distintos procedementos: tipografía (impresión con tipos movibles ou con pranchas de diversos materiais, fundidos ou gravados en relevo), *offset* (impresión litográfica con matrices planas, que poden ser de metal, pedra ou outra materia apropiada), ocogravado (impresión con clichés de cobre en oco), serigrafía (impresión por medio de gravados ou pantallas de tecido, que adoitan ser seda e nilón, é dicir, impresión con matrices filtrantes), flexografía ou impresión á anilina (procedemento de impresión no que a matriz está constituída por un cliché que pode ser de caucho ou de plástico e no que as partes que se han de imprimir están en relevo) e impresión electrostática (impresión realizada por arcos eléctricos cun compoñente metálico ou tóner). Actualmente existe unha revolución de impresións: dixitais, realizadas por inxección de tinta, láser, etc.

Por último, a fase de **POSTIMPRESIÓN**, na que entraría a área que nos ocupa, pois abrangue todo o referente a acabados (encadernación, vernices, plastificados e troquelados).

Dentro da área da encadernación cómpre dedicarlle un punto da árbore ó libro encadernado, que posúe unhas partes físicas ben diferenciadas con terminoloxía específica e, ademais, existe unha gran profusión de nomenclatura interesante estreitamente emparentada con el (ex: bibliófilo, bibliófago, bibliomanía...).

É necesario, igualmente, trata-los procedementos de encadernación, que son tres: manual ou artesanal, industrial e artística. Estes procedementos están ligados a dous procesos: o proceso artesán, onde entraría a encadernación manual e artística e o proceso industrial; dos que resultan os diferentes tipos de encadernación.

Dentro do primeiro proceso incluímos dúas actividades diferenciadas: a reencadernación de libros e a propia encadernación, que están ligadas a uns pasos claramente diferenciados e que seguen un proceso lineal: descoser, limpar caderniños, reparación dos caderniños e páxinas rotas (no que se refire á reencadernación) e dobrar caderniños, coser caderniños, pegar gardas, guillotinar, confeccionar tapas, dourar, sacar caixos, pegar cabezada e entrar ou meter tapas (pasos obrigados para proceder a encadernar).

No proceso industrial destacamos dúas clases de encadernación que teñen vixencia na actualidade: a encadernación en rústica (con tapa de cartolina), que está ligada ós pasos principais de: pregar, alzar, coser, cubrir e guillotinar e a encadernación en tapa dura ou cartoné, que se desenvolve nos seguintes pasos lineais: pregar, alzar, coser, pegar gardas, enlomar, guillotinar, redondear lombos, pegar cabezadas, sacar caixos, meter tapas e dourar. A encadernación en tapa dura elabórase en cartón, pero é posible empregar forros en diferentes materiais: semitea, semipel, pel, tea, plásticos, similpel (guaflex, etc.) ou cromo, é dicir, papel impreso ou plastificado. Son estes dous últimos tipos de materiais os que teñen maior éxito hoxe en día.

Seguidamente dedicámoslle un punto ó obradoiro de encadernación, distinguindo entre os materiais, as ferramentas e a maquinaria, e rematamos cunha nomenclatura profesional dos oficios das persoas implicadas neste labor (dourador, prensista, gravador, etc.).

I. ARTES E INDUSTRIAS GRÁFICAS

I.1. PREIMPRESIÓN

I.2. PROCEDIMENTOS DE IMPRESIÓN

I.3. POSTIMPRESIÓN

I.3.1. ENCADERNACIÓN

I.3.1.1. O LIBRO ENCADERNADO

I.3.1.1.1. PARTES DO LIBRO

I.3.1.1.2. NOMENCLATURA LIBREIRA

I.3.1.2. PROCEDIMENTOS DE ENCADERNACIÓN

I.3.1.2.1. PROCESO ARTESÁN (ENCADERNACIÓN MANUAL E ARTÍSTICA)

I.3.1.2.2. PROCESO MECÁNICO (ENCADERNACIÓN INDUSTRIAL)

I.3.1.3. TIPOS DE ENCADERNACIÓN

I.3.1.3.1. EN PASTA

I.3.1.3.2. MEDIA ENCADERNACIÓN

I.3.1.3.3. Á ALEMANA

I.3.1.3.4. Á HOLANDESA

I.3.1.3.5. Á INGLESA

I.3.1.3.6. EN TEA

I.3.1.3.7. EN MEDIA TEA

I.3.1.3.8. EN CARTONÉ

I.3.1.3.9. EN RÚSTICA

I.3.1.4. OBRADOIRO DE ENCADERNACIÓN

I.3.1.4.1. MATERIAIS DE ENCADERNACIÓN

I.3.1.4.2. MÁQUINAS DE ENCADERNACIÓN

I.3.1.4.3. FERRAMENTAS DE ENCADERNACIÓN

I.3.1.5. NOMENCLATURA PROFESIONAL DOS OFICIOS

2 Normas de uso do vocabulario

PARA facilita-lo uso do vocabulario achegaremos unhas breves instrucións.

- Os termos aparecen ordenados alfabeticamente polas entradas principais en galego, que se caracterizan por estaren en negra.
- Todos eles veñen acompañados inmediatamente da categoría gramatical e a información conceptual que remite ós campos árbore, tema e área.
- De seguido aparece a definición terminolóxica de cada un deles.
- Nas fichas completas temos tamén os sinónimos en galego e os termos equivalentes respectivos e sinónimos en español e inglés.
- Ademais, aparecen outros termos galegos en negra e cursiva que se corresponden co campo *Vexa*, que cando se trata dun termo en minúscula refírese a un sinónimo do termo principal ó que remite, e cando vai en maiúscula remite a un termo relacionado conceptualmente con este da maneira que vén expresada na definición.

3 Vocabulario

1 **aceiteira** *s.f.* < l.3.1.2.1., l.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Recipiente para o aceite de noz que utiliza o dourador para sentar ben o ouro.

Es alcuza

En oilcan

2 **achaiador** *s.m.* < l.3.1.2.1., l.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. achanzador

3 **achanzador** *s.m.* < l.3.1.2.1., l.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Cicel para aplanalo fondo dun motivo co fin de resalta-lo relevo, que se emprega para o traballo de repuxado do coiro.

SIN. achaiador

Es aplanador

En finishing burin, flattener

- 4** **afiadoira** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Pedra para afiar instrumentos cortantes ou repasa-lo fío para rebaixa-las peles.

SIN. pedra de afiar

Es afiladera, muela, piedra afiladora, amoladera

En grindstone, whetstone

- 5** **agulla de encadernar** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta de aceiro coa punta curvada de 7 cms de longo e 1,5 mm de largo para cose-los caderniños.

Es aguja de encuadernar, aguja de encuadernador, aguja de punta roma, aguja

En binding needle, stitching needle, bookbinder's needle

- 6** **agulleiteira** *s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina para aplicar ollais metálicos de reforzo ós buratos dos papeis ou cartóns.

Es ojetera

En eyeletting machine

- 7** **alisador** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta provista dun mango, que ten a forma do lombo do libro en oco e que serve para remata-la súa forma e cinxi-la lombada.

Es alisador, alisalomos

En smoothing tool, smoothing blade, back smasher

- 8** **almofadiña** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Instrumento formado por unha prancha rectangular ou case cadrada, cuberta cunha pel de becerro de 30 x 30 cm, usado polo dourador para gardar, colocar, cortar e manipula-lo ouro en pans para aplicalo na ornamentación e rotulación do libro.

SIN. almofadiña de dourar

Es almohadilla de dorar, almohadilla

En gilding cushion

- 9** **almofadiña de dourar** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. almofadiña

- 10** **alzadora** *s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina empregada para alza-los pregos de forma automática.

Es alzadora, máquina de alzado, máquina alzadora, máquina de alzar

En gathering machine, assembling machine, collating machine

- 11** **asentador** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Correa untada de graxa que se usa para suaviza-lo gume das ferramentas.

SIN. badana de asentador

Es afilador

En strop, razor strop

- 12** **badana de asentar** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. asentador

- 13** **barra** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. barra de presión, PRENSA

- 14** **barra de presión** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Panca de ferro da prensa que serve para facer presión e que se acciona cun manguíño de madeira que leva no extremo.

SIN. premedora, barra

Es barra de presión, barra

En clamping bar, pressure bar, bar

Vex. PRENSA

- 15** **barrena** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Barra de ferro ou aceiro coa punta en espiral, que se emprega en máquinas de facer buracos, dándolle un movemento circular.

Es broca

En drill bit, bit

- 16** **bastidor** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Armazón de madeira onde se cosen, a man, os pregos dun libro.

SIN. cosedor

Es bastidor, cosedor, marco

En sewing frame, sewing bench, sewing press, sewing rack

- 17** **bebedoiro** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Recipiente vernizado ou de louza, de forma oblonga, que empregaba o dourador para mete-lo mordente ou clara de ovo para asenta-lo pan de ouro.

Es bebedero, bebedero para pájaros, abrevadero

En drinking trough, water bowl

- 18** **berbequí** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta constituída por unha manivela en forma de C cunha barrena no extremo inferior, utilizada para facer furados.

Es berbiquí, broca

En carpenter's brace

- 19** **bisturí** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta en forma de coitelo pequeno moi afiado que utilizaba o dourador para corta-los pans de ouro.

SIN. lanceta

Es bisturí, lanceta

En scalpel, lancet

- 20** **bolsa pregadora** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Bandexa da pregadora, onde se dobran os pregos.

Es bolsa plegadora

En fold plate, folding pocket, bucket plate

Vex. PREGADORA

- 21** **brocha de cola** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Utensilio formado por un feixe de pelos suxeitos a un mango, que se emprega para estende-la cola por unha superficie.

Es brocha para cola, brocha para empastar

En glue brush

- 22** **brunidor** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta constituída por un mango de madeira e pedra de ágata, de forma plana ou curva ou de dente de lobo, que se usa para abrillanta-los cortes dos libros.

Es bruñidor

En burnisher, polisher

- 23** **brunidor de ágata** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. dente de lobo, BRUNIDOR

- 24** **buril** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta de ferro, delgada e con punta, empregada para gravar no coiro.

Es buril, cincelito

En burin, graver, etcher's needle, engraver's chisel

Vex. PUNZÓN

25 **burro** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Armazón de madeira en forma de caixón usado como soporte polos encadernadores para a prensa de enlomar e cortar.

SIN. cabalete

Es burro, caballete, chibalete

En trestle, book press

26 **cabalet** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. burro

27 **carácter tipográfico** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. tipo de imprenta

28 **caravilla** *s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cavilla

29 **cartabón** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Instrumento para debuxar que ten a forma dun triángulo cun dos seus ángulos rectos e os tres lados desiguais.

Es cartabón

En square

30 **cavilla** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Peza que serve para axusta-los cordeis da costura na parte inferior do tear.

SIN. caravilla

Es clavija, pasador

En peg, tuning peg, pin, tuning pin

31 **cepillo** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Utensilio constituído por un soporte de distintos materiais ó que van fixados pequenos feixes de fíos ou sedas flexibles para aplicar cola, pegamento ou calquera líquido adhesivo á superficie do cartón, papel, coiro, etc.

SIN. escoba

Es cepillo, cepillo de mano

En brush

32 **cepillo para xaspear** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta que se emprega para aplica-la cor, impregnádoa no tinte e frotádoa suavemente cunha coadora fronte á superficie que se vai pintar.

SIN. escoba para xaspear, vasoiriña

Es cepillo para jaspear, escobilla, cepillo

En marbling brush, marbler's brush

33 **cepo** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. tallo

- 34** **cicel** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta de aceiro, bronce ou marfil, cun dos extremos rematado en punta no cortante, que se emprega para realizar ornamentacións artísticas delicadas sobre coiro.

SIN. cincel

Es cincel

En graver, engraver's tool, burin

- 35** **cincel** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cicel

- 36** **cisalla** *s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina semellante a unha guillotina pesada de accionamento manual empregada para cortar cartón, papel, teas e outros materiais de encadernación.

SIN. cizalla

Es cizalla, máquina cizalladora

En shearing machine, shears

- 37** **cisalla circular** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina empregada para corta-las follas de cartón, que consiste nun eixe provisto de coitelas circulares movibles que xiran accionadas por un motor eléctrico e que dan varios cortes a un tempo nunha folla ou tira de cartón e divídeno en pezas das medidas desexadas.

SIN. cizalla circular

Es cizalla circular, cizalla para cartón

En rotary cutter

Vex. CISALLA

38 **cizalla** *s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cisalla

39 **cizalla circular** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cisalla circular, CISALLA

40 **coadora** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta sobre a que se frota o cepillo impregnado de tinte para xaspear.

Es rejilla, rejilla para jaspear

En draining board, marbling grill

41 **coitela¹** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Folla de metal das guillotinas e cisallas, con gume, empregada para corta-lo material cando se accionan estas máquinas.

Es cuchilla, hoja

En guillotine knife, paper cutting machine knife, (shear) blade

Vex. CISALLA, GUILLOTINA

42 **coitela²** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Prensa manual horizontal que usan os encadernadores para corta-lo papel dos libros.

Es ingenio

En plough

- 43** **coitelo** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta que consta dunha folla de metal con fío por un dos lados e unida a un mango, que se usa para cortar e para recolle-las follas de ouro en pans e colocalas na almofadiña.

Es cuchillo, cuchillo de encuadernador

En knife, bookbinder's knife

- 44** **coitelo de aprimar** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta con mango e gume curvo que serve para raspar e rebai-xar manualmente o grosor da pel.

SIN. chifla

Es chifla, cuchilla para chiflar, cuchilla para adobar el cuero

En paring knife, edging knife

- 45** **coitelo de dourar** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta provista dun gume de 200 mm de longo e 25 mm de largo empregada para corta-lo ouro.

Es cuchillo de dorar, cuchillo para cortar el oro

En gilder's knife, gilding knife

Vex. COITELO

- 46** **colgadoiro** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Listón longo de madeira cun traveseiro nun extremo de cerca de 33 cm de longo, que se usa para poñe-los pregos sobre as cordas e para quitalos cando están enxoitos.

SIN. varal

Es colgador, espito, extendedor

En hanger

47 **compás** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta empregada para tomar medidas exactas e trazar curvas, consta de dúas agullas de puntas romas unidas na súa parte superior por un mesmo eixe sobre o que xiran.

Es compás, compás de tornillo

En compass

48 **compoñedor** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta provista dun mango que consta de dúas regriñas de latón paralelas entre as que se colocan as letras, que se suxeitan despois cun parafuso, que o dourador emprega para rotular liñas de texto nos libros, en quente.

Es componedor

En lettering pallet, composing stick, setting stick

49 **cortante** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta ou máquina con bordos cortantes para recortar con precisión pranchas, cartóns, coiro, etc.

SIN. talladora

Es troquel, trepante

En press knife

50 **cortapapel** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Coitelo de pouco gume que se emprega para separa-las follas polos cortes dun libro, se estes non se cortaron previamente.

Es cortapapeles, cortapliegos

En paper-knife, paper-cutter

51 **cosedor** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. bastidor

52 **cosedora** *s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina para cose-los pregos dun libro (con fío ou arame) ou para grampalo.

SIN. máquina de coser

Es cosedora, máquina de coser

En sewing machine, stitcher, stitching machine

53 **cosedora con arame** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina, de accionamento eléctrico ou manual, que se utiliza para coser con grampas de arame.

SIN. máquina de coser con arame

Es cosedora con alambre, máquina de coser con alambre, engrapadora para encuadernación en rústica

En wire stitcher, wire stitching machine

Vex. COSEDORA

54 **cosedora con fío** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina para cose-los pregos dun libro con fío.

SIN. máquina de coser con fío

Es cosedora con hilo, cosedora con hilo vegetal

En thread sewing machine, thread stitching machine

Vex. COSEDORA

- 55** **cuña** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Peza de madeira ou ferro, que consiste en dúas caras rectangulares que se van unindo ata formaren un ángulo agudo, sobre o que descansa a platina na prensa.

Es cuña

En quoin, locking-up quoin

Vex. PLATINA

- 56** **curvador** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta empregada para redondea-las lombeiras antes da súa aplicación ó lombo do libro.

SIN. redondeador, listón redondeado

Es borneador, redondeador, listón redondeado

En forming iron, lath

- 57** **chapa de cinc** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Plancha de cinc que se coloca debaixo do material que se corta co tallador.

SIN. chapa de zinc

Es chapa de cinc, plancha de cinc

En zinc plate

- 58** **chapa de folla de lata** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. chapa estañada

- 59** **chapa de zinc** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. chapa de cinc

- 60** **chapa estañada** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Chapa de ferro estañado de case 0,5 mm de grosor, forrada con papel, que serve para colocar dentro das pranchas cando se prensan os libros.

SIN. chapa de folla de lata

Es chapa de hojalata, placa de estaño

En tinplate

- 61** **chifla** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. coitelo de aprimar

- 62** **dente de lobo** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Brunidor de ágata que usan os douradores para puli-los cortes, chamado así pola súa forma tan característica.

SIN. brunidor de ágata

Es diente de lobo, bruñidor de ágata

En tooth burnisher, agate burnisher

Vex. BRUNIDOR

- 63** **disco tensor de fíos** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Disco do tear que serve para tensa-lo fío que se usa para coser.

SIN. tensor de fíos

Es disco tensor del hilo, tensor de hilo

En thread tension disk, thread tensioner

Vex. TEAR

- 64** **dobradoira** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta de madeira, óso, marfil, etc, en forma de coitelo, preferentemente de forma lanceolada, que se emprega para o pregado manual.

Es plegadera

En paperknife, folding stick, bonefolder

- 65** **dourador de curvas** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferro de dourar para trazar liñas curvas.

Es arquillo

En curved finishing tool

Vex. FERRO

- 66** **embrague** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Peza da guillotina que permite poñela en funcionamento.

Es embrague

En clutch

Vex. GUILLOTINA

67 **embutidora** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que se emprega no repuxado do coiro durante a operación de embutir.

Es embutidora

En deep drawing press

68 **enceradora** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que serve para aplicar cera.

SIN. máquina de encerar

Es enceradora, máquina enceradora, máquina de encerar

En waxer, waxing machine

69 **encoladora** *s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina para encolar papel, cartolina, tea ou outro material usado para cubri-los libros.

SIN. máquina encoladora

Es encoladora, engomadora

En glue-spreader, gluer, gluing machine, adhesive-spreading machine

70 **escoba** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cepillo

71 **escoba para xaspear** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cepillo para xaspear

72 **escuadro lateral** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Peza da guillotina que serve para situa-lo papel e cortalo perfectamente a escuadro.

Es escuadra lateral

En side gauge, side plate

Vex. ESCUADRO², GUILLOTINA

73 **escuadro¹** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Instrumento con forma de triángulo rectángulo usado para formar ou medir ángulos rectos e para tirar liñas perpendiculares.

Es escuadra

En square, try square

74 **escuadro²** *s.m.* < I.3.1.2.1., I. 3.1.2.2., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Barra móbil que regula a posición do papel na guillotina, pregadora, etc.

Es escuadra, escuadra tope

En back gauge, rear gauge

75 **esfiadora** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. esfiãadora

76 **esfiañadora** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta que serve para raspa-los cordeis da costura do libro para pegalos sobre os cartóns das tapas.

SIN. esfiadora

Es risclador

En paperknife, folding stick, bonefolder

77 **espacio** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Peza de metal que serve para separa-las palabras ou poñer maior distancia entre as letras ó compoñer unha liña con tipo móbil.

Es espacio

En space

78 **fendedora** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina para cortar e creba-lo coiro na operación de repuxado.

SIN. máquina fendedora

Es hendedora, máquina hendedora, máquina de hender,

En splitting machine, cutter-perforating machine, slitting machine

79 **ferrño** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferro alongado empregado para gofrar o dourar en quente e a man, que serve para imprimir en ouro diferentes aderezos sobre os lombos ou nas cubertas dos libros.

Es tronquillo

En hand tool, unit tool, finishing tool

Vex. FERRO

- 80** **ferro** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta empregada na decoración do libro, xeralmente fabricada en bronce, que, aplicada a man, mediante presión e calor fixa o motivo gravado na pel, tea, etc.

SIN. ferro de dourar

Es hierro, hierro de dorar, hierro de estampar

En bookbinder's brass, finishing tool, pallet

- 81** **ferro de dourar** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. ferro

- 82** **filete** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Es filete

En fillet, purfling

Vex. FERRIÑO

- 83** **florón** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferro de dourar que leva en relevo gravados, escudos de armas, flores, cruces e outros aderezos para decora-los lombos ou cubertas dos libros.

Es florón

En floral tool

Vex. FERRIÑO

84 **formón** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta semellante ó escoupro, pero de folla máis larga e menos grosa.

Es formón

En chisel

Vex. GOBIA

85 **fornelo** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta xeradora de calor que se usa para quenta-los ferros que se aplican a man, aínda que tamén se emprega para a preparación da cola.

Es hornillo

En finishing stove

86 **gobelo** *s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. gobia

87 **gobia** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta manual de corte de media cana que empregan os gravadores, etc. para cortar e labra-la madeira.

SIN. gobelo

Es gubia

En gouge

88 **guía** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Dispositivo da pregadora constituído por dous elementos principais: un tope fixo que se pode desprazar segundo interese e unha peza que facilita a colocación correcta do prego no tope.

Es guía, escuadra

En guide, guide board

Vex. PREGADORA

89 **guillotina** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina usada para cortar papel, constituída por unha coitela vertical, guiada entre un bastidor de ferro e accionada manualmente ou por un motor.

Es guillotina

En paper trimming machine, paper cutter, paper trimmer, cutting machine

90 **guillotina trilateral** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Es guillotina trilateral

En three-knife trimmer, three-sided cutting machine, three-knife cutting machine, three-edge cutter

Vex. guillotina

91 **laminador** *s.m.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina, que consta de dous rodos que xiran en sentido contrario, para prensa-lo conxunto de pregos dun libro antes de encadernalos.

Es laminador

En rolling machine

92 **lanceta** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. bisturí

93 **lesna** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. punzón

94 **lima** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta formada por unha barra de aceiro con bordos cortantes, que actúa por frotamento e serve para desbastar, puír ou alisar.

Es lima

En file

95 **lingüeta** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Parte da coitela, formada por unha folla de aceiro que se usa para cortar papel.

Es lengüeta, lengua

En plow knife

Vex. COITELA²

96 **listón redondeado** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. curvador

- 97** **lixadora** *s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta de madeira, fina, que serve para lixa-los lombos ou os cantos dos cartóns.

Es lija, lija de madera

En sander

- 98** **mango de punzón** *loc.s.m.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.3., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Ferramenta pequena de man cun mandril, que pode suxeitar unha agulla para perforar papeis grosos.

Es mango de punzón, mango para punta, portapunzón

En bodkin handle, handle of bodkin

- 99** **máquina cortaesquinas** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que serve para redondea-las esquinas dos cartóns ou libros.

Es máquina cortaesquinas

En corner cutting machine

- 100** **máquina de coser** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cosedora

- 101** **máquina de coser con arame** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cosedora con arame, COSEDORA

102 **máquina de coser con fío** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. cosedora con fío, COSEDORA

103 **máquina de dobrar** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. pregadora

104 **máquina de encadernar en espiral** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que une permanentemente as follas por medio dunha espiral ou aneis.

Es máquina de encuadernar en espiral

En spiral binder, spiral binding machine, machine for assembling pages

105 **máquina de encadernar en rústica** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que se emprega para aplica-lo adhesivo no lombo dos libros para encadernalos en rústica.

Es máquina de encuadernar en rústica

En perfect binder, adhesive binding machine, book-sewing machine

106 **máquina de encerar** *loc.s.f.* < I.3.1.2.1., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. enceradora

107 **máquina de enlomar** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina automática ou semiautomática empregada para aplicar tiras de papel engomado ou fitas adhesivas no lombo dos libros, rexis-tros, etc., dobrando lateralmente os bordos de xeito que cubran os pun-tos do cosido.

Es máquina enlomadora, máquina encoladora para lomos

En book back gluer, gluing machine, spine gluing machine, spine glueing machine

108 **máquina de enrolar espirais** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encader-nación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que se emprega para darlle ó arame forma de espiral.

Es máquina de arrollar espirales

En spiral winding machine

109 **máquina de facer tapas** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que ten por misión confeccionar tapas de cartón forradas de tea, papel ou outro material.

Es máquina de hacer tapas

En casing machine

110 **máquina de redondear cantos** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encader-nación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que serve para mata-las esquinas dos cantos dos libros.

Es máquina de redondear cantos, máquina de redondear esquinas

En corner rounding machine, corner rounder

111 **máquina de tallar** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Máquina que se emprega en encadernación para troquelar, fender, pregar e estampar en relevo mediante coitelas insertadas en patróns ou mediante filetes, sobre o papel ou cartón.

Es troqueladora, piqueteadora

En die-cutter, die-cutting machine, die-cutting press, punching machine

112 **máquina encoladora** *loc.s.f.* < I.3.1.2.2., I.3.1.4.2., Encadernación, Artes e industrias gráficas >

Vex. *encoladora*

